



Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas: AUTORIZACIÓNS PALMEIRA												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												
	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Zonas de produción: incluída na zona de produción GAL-09/04.

Participantes: están pendentes de cubrir 3 habilitacións, ampliación que foi autorizada para o ano 2008. O procedemento para a súa cobertura non se iniciou dado que a entidade non presentou a solicitude.

Calendario: tendo en conta a incorporación das 3 novas habilitacións, todavía pendentes, unicamente se pode incrementar en 10 os días máximos autorizados, respecto ao ano 2008, quedando polo tanto nun total de 110 días/ano.

Cotas máximas de captura: As cotas máximas para as embarcacións establécense en función dos mergulladores con habilitación que estean debidamente enrolados e a bordo.

Para mellorar a xestión dos bancos é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, das tallas e dos mergulladores. Polo tanto, os **datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á Delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.**

Horario: o horario establecido será das 8:00 horas ás 14:00 horas, de acordo co establecido no Decreto 424/1993.

Mergullo:

Todos os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así, serán excluídos na relación mensual, mentres non esté renovada.

Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a



exercer como **xefe de equipo**.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2009**.

Deberán indicar o procedemento sancionador e réxime disciplinario no caso de incumprimento de normas. Con respecto a este respecto recoméndase que o colectivo revise coa axente de extensión se o procedemento sancionador se axusta aos estatutos da confraría e ó posible regulamento de réxime interior da agrupación, e se as medidas cautelares contempladas son axeitadas. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Carta náutica co punto de control debidamente localizado.